



Concello de Vigo

SECRETARÍA DO GOBERNO LOCAL
Expte. 1125/1102

ASUNTOS PARA INCLUIR NA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 30 DE DECEMBRO DE 2021.

- 1.- Ratificación da urxencia.

ALCALDÍA

- 2.- Reaxuste das anualidades 2021-2022 do contrato do servizo de creación e difusión de campañas e accións institucionais de publicidade e comunicación promovidas dende o Concello de Vigo. Expte. 18834/101.

DIRECCIÓN DE INGRESOS

- 3.- Modificación da Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre Incremento de valor dos terreos de Natureza Urbana (6). Expte. 2850/500

EMPREGO

- 4.- Reaxuste de anualidades do contrato dos servizos de formación do programa "Vigo pola Inserción Laboral". Expte. 16574/77.

FESTAS

- 5.- Resolución da convocatoria de convenios de colaboración empresarial con entidades privadas para actividades socioculturais e de interese xeral organizados polo Concello de Vigo para os Programas "Nadal 2021", "Cabalgata de Reis 2022" e "Entroido 2022". Expte. 8936/335.
- 6.- Decisión de non adxudicar o lote 5 do procedemento aberto para a contratación do servizo de animacións, actividades e espectáculos de pequeno formato para as Festas de Nadal 2021-2022. Expte. 9105/335.
- 7.- Adxudicación da contratación do servizo de animacións, actividades e espectáculos de pequeno formato para as festas de Nadal 2021-2022. Expte. 9105/335.

INTERVENCIÓN XERAL

- 8.- Proposta de aprobación das contas xustificativas das ordes de pago a xustificar do ano 2021 (5º). Expte. 102867/140.

MOBILIDADE E SEGURIDADE

- 9.- Proxecto de Ordenanza municipal reguladora da utilización dos vehículos de mobilidade persoal. Expte. 118921/210.

PARQUE MÓBIL

- 10.- Proposta de adxudicación da contratación do subministro de tres vehículos en réxime de arrendamento (renting). Expte. 14613/445.

POLICÍA LOCAL

- 11.- Autorización adicional de gasto para a continuidade da prestación do subministro, en réxime de arrendamento (renting), de vehículos para a Policía Local durante o período comprendido entre 01 de xaneiro de 2022 e o 28 de febreiro de 2022. Expte. 43577/212.

RECURSOS HUMANOS

- 12.- Prórroga durante o ano 2022 do "Acordo para a ampliación das xornadas laborais para o servizo da Policía Local". Expte. 39031/220.

SERVIZOS XERAIS

- 13.- Expediente de contratación polo procedemento aberto das obras do "Novo parque de Bombeiros e Protección Civil". Expte. 1136/441.

DECRETO DE CONVOCATORIA

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes para a súa inclusión na orde do día, convoco á Xunta de Goberno Local para realizar sesión **EXTRAORDINARIA E URXENTE** na Sala do Pleno de xeito presencial e por videoconferencia (Resolución de Alcaldía do 29/12/2021) o día **30 de decembro de 2021, ás 14,05 h.** en primeira convocatoria e, de non existir quórum, unha hora despois en segunda convocatoria, para resolver os asuntos da devandita relación.

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Xunta de Goberno Local; á titular da Asesoría Xurídica, ao interventor xeral, á Secretaria do Goberno e ós demais membros do grupo político municipal do PSdeG-PSOE. Fágase público no taboleiro da Casa do Concello para ós efectos de información.

SGF/me.

Vigo, na data da sinatura dixital.

A CONCELLEIRA SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro

O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez.